

Polyommatus icarus (Rottemburg, 1775)

Ícaro

Orde:

Lepidoptera

Familia:

Lycaenidae

Tamaño:

P

Grao de ameaza:

Galicia: nc

España: nc

Europa: nc



DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN

- **Anverso.** Machos azuis e femias marróns, elas con pequenas lúnulas de color alaranxada na zona submarxinal dos dous pares de ás. As fimbrias son brancas.
- **Reverso.** Cor de fondo agrisada nos machos e ocre clara nas femias, sobre a que destacan unha serie de puntiños negros anelados de branco que se deixan ver desde a zona basal ata a posdiscal. Cara á zona submarxinal, tanto machos como femias presentan unha serie de lúnulas alaranxadas con reberete negro.
- **Dimorfismo sexual.** Presenta un dimorfismo sexual patente, tal e como se indicou na descrición da especie.
- **Voltinismo.** Trátase dunha especie polivoltina, con ata catro xeracións anuais desde o comezo da primavera ata principios de outono.

HÁBITAT E PLANTAS NUTRICIAS

- Especie típica de prados e herbais abertos.
- As eirugas aliméntanse de plantas leguminosas entre as que destacan *Lotus corniculatus* e varias especies de *Trifolium*.

COSTUMES

- Gusta de voar a pouca a altura, pousando para libar ou vixiar os seus dominios entre a vexetación tanto coas ás abertas como pechadas.

DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA

- Especie de distribución paleártica que no territorio español vese substituída nos dous grandes arquipélagos e en amplas zonas da metade sur peninsular por *Polyommatus celina*.

Texto procedente de: Rodrigo Dapena, J., Fernández-Martínez, M.Á., González Pimentel, S. (2020). *Guía de Bolboretas do ENIL Xunqueira de Alba*. Ed Concello de Pontevedra e Concellería de Desenvolvemento Sostible e Medio Natural.

Ilustración: Antía Ares Carril